

JAVIER BAS: MENTIREIRO ou INCOMPETENTE?

O Concello de Redondela vai retomar o expediente de reposición da legalidade referente ao polémico edificio situado na finca Puntela, en Chapela. Despois dos informes dos servizos técnicos, que veñen a ratificar os informes que xa existían no Concello, Javier Bas decidiu, tal e como se lle solicitou por acordo plenario, retomar os expedientes sobre infracción urbanística abertos a esta construción.

Dende AER, despois do acontecido nos últimos plenos do Concello, así como nos consellos parroquiais de Chapela; solicitamos, co apoio do PSOE e de Enrique Fojo (concelleiro non adscrito), **informe técnico sobre a situación actual**, legal e administrativa, do edificio. Parece ser que non foi ata a presentación desta solicitude que Javier Bas tivo intención de coñecer de primeira man o estado de tramitación dos expedientes deste edificio. Dicimos parece ser, xa que andou ás voltas coa intención de mercalo no ano 2013, e de feito parte da corporación de aquel momento visitou o edificio para ver o seu estado. Se dende ese ano non se preocupou en ningún momento de cal era a situación urbanística dese edificio, cremos que sería xusto cualificalo de **incompetente**.

Dende o consello parroquial de Chapela do pasado mes de xullo, onde aparecía como punto da orden do día a *“Adquisición por parte do Concello do edificio da entrada a autopista”*, non foi ata finais de setembro que Javier Bas solicitou información ao servizo de Urbanismo do Concello. Polo medio, un consello parroquial extraordinario convocado en Chapela para tratar este tema, que non se celebrou por negarse os convocantes a asistir se non se evacuaba á veciñanza presente; e dous plenos onde se trataron distintas mocións sobre o edificio. Unha moción foi promovida polo PSOE, que solicitaba que non se mercara ningún edificio ilegal, e onde AER solicitou se engadise outro punto onde se pedía que se retomaran os expedientes de infracción urbanística que xa tiña esta edificación. Dita moción foi aprobada cos votos a favor da oposición e a abstención do PP. A outra moción, que foi presentada por diferentes colectivos e pedía un estudo de viabilidade urbanística, xurídica económica do edificio para poder legalizalo; foi rexeitada cos votos en contra de toda a oposición, mentres o PP votaba a favor. **En todo este tempo, nin Javier Bas nin Mari Carmen Amoedo, concelleira de urbanismo, solicitaron un só informe.**

Os novos informes técnicos veñen a reafirmar os xa existentes dos anos noventa, posto que as obras executadas ata a data (non rematadas) non se axustan á licenza: executouse un soto de máis (“soto -2”) non contemplado na licenza, o “soto -1” conta cunha superficie maior da autorizada, o semisoto conta cunha superficie maior da autorizada, o baixo conta cunha superficie maior da autorizada, o 1º andar conta cunha superficie maior da autorizada, o 2º andar conta cunha superficie maior da autorizada, o 3º andar supera o número de plantas dedicadas á vivenda e supera a superficie autorizada para a cuberta correspondente, o 4º andar non conta con licenza algunha; e ademais modificouse a localización e trazado da rampla exterior de acceso ao garaxe.

E as conclusións son similares: as obras referidas ao “soto -2”, “soto -1”, semisoto, baixo, 1º andar e 2º andar que exceden a superficie autorizada pola licenza, NON SON LEGALIZABLES; as obras referidas ao 3º andar e ao 4º andar NON SON LEGALIZABLES.

Para legalizar a situación, **habería que demoler todos os excesos executados** e devolver a rasante da parcela e a rampla de acceso ao garaxe ao recollido no proxecto; e para legalizar o “soto -2” serían precisas autorizacións sectoriais de AUDASA, Fomento e Augas de Galicia.

Vistos estes informes preguntámonos quen lle foi co conto á veciñanza de que os expedientes estaban caducados e non se podían retomar. Quen embaucou ás asociacións para que se meteran a reclamar algo manifestamente ilegal? Que incompetente político non foi quen de informarse da situación do edificio? Que incompetente pretendía pagar con cartos, ou con traballo do Concello, informes que deberían ir a conta dun particular?

A situación de Javier Bas queda novamente en entredito, pois se xa hai catro anos pretendía adquirir o edificio, debería estar ao tanto da súa situación. Se a coñecía, e permitiu os enfrontamentos entre os colectivos, é un **MENTIREIRO**. Por outra banda se non estaba informado e secundou e votou a favor de solicitar informes técnicos sobre a legalización dun edificio ilegal e que foran a conta do Concello.... **É UN INCOMPETENTE!!!!**

Un dos informes di que dado que o edificio á data non se atopa rematado, a facultade de reacción municipal contra as obras executadas sen axustarse á licenza NON CADUCOU; **sendo unha obriga para a Administración municipal adoptar as medidas de restauración da legalidade urbanística.**

O señor alcalde xa sabe o que ten que facer: cumprir coas súas obrigas e deixar de enredar á veciñanza.

Redondela, a 6 de outubro de 2017